

**RESOLUCIÓN REITORAL DO 3 DE
FEBREIRO DE 2012 DA UNIVERSIDADE DE
VIGO POLA QUE SE ABRE A
CONVOCATORIA DE BOLSAS ERASMUS
PARA O CURSO 2012-13**

A Universidade de Vigo, como institución elixible para participar no programa Erasmus, asinou acordos bilaterais de intercambio de estudantes con outras institucións de ensino superior elixibles para participar neste programa durante o curso 2012-13, co obxectivo de mellorar a calidade do ensino superior e potenciar a dimensión europea, fomentando a cooperación transnacional entre universidades, estimulando a mobilidade europea e mellorando a transparencia e o recoñecemento académico de estudos.

En virtude destes acordos, esta Reitoría

RESOLVE

Publicar a convocatoria de bolsas ERASMUS para o curso 2012-13 destinadas a estudantes da Universidade de Vigo que estean cursando estudos conducentes á obtención de títulos oficiais co fin de realizar estudos en diferentes universidades europeas coas que a Universidade de Vigo ten establecido Acordo Bilateral no marco do *Programa de Aprendizaxe Permanente*.

BASES DA CONVOCATORIA

1.- Requisitos dos/as solicitantes

1.1.- Requisitos xerais

Os requisitos xerais para todos os/as estudantes da Universidade de Vigo son os seguintes:

- O/a estudante deberá estar matriculado/a no curso 2011-12 na Universidade de Vigo. O/A estudante deberá matricularse na Universidade de Vigo no curso no que se realizará a estadia (2012-13), como mínimo no segundo curso de carreira, estar a realizar o proxecto fin de carreira ou ser estudante de terceiro ciclo.
- Ter un nivel de coñecemento do idioma esixido para o país de destino que lle permita desenvolver a actividade académica que vai realizar.
- Ser cidadá/n dalgún dos 27 países membros da UE, de Islandia, Liechtenstein e Noruega, ou dun país candidato á adhesión ou posur o estatuto de residente permanente, de apátrida ou de refuxiado/a en España. Poderán participar aquelas persoas que, non sendo nacionais dun dos países participantes no PAP, o sexan de terceiros países e estean en posesión dun permiso de residencia válido para residir en España durante o período de realización da mobilidade.

1.2.- Incompatibilidades

Non ter sido beneficiario/a dunha bolsa Erasmus estudos con anterioridade.

1.3.- Requisitos específicos para cada praza

Os criterios específicos de selección de cada centro da Universidade de Vigo deberán facerse públicos en cada un dos centros antes da selección dos/as estudantes e serán enviados á Oficina de Relacións Internacionais (ORI) polos/as responsables de relacións internacionais de cada centro.

Os requisitos específicos para cada unha das prazas aparecen detallados na relación de prazas ofrecidas.

2.- Duración do intercambio

A duración das bolsas non será inferior a tres meses nin superior a un curso académico (10 meses). A duración de cada praza vén establecida nos anexos.

3- Financiamento

3.1.- Axuda Erasmus

É unha axuda financiada pola Unión Europea co obxecto de sufragar os gastos adicionais por estudar nunha universidade estranxeira. Non ten como finalidade cubrir a totalidade dos gastos dos estudos no estranxeiro.

A contía da bolsa Erasmus será fixada pola Universidade de Vigo tras a notificación por parte do Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos (OAPEE) dos criterios de adxudicación de bolsas para o curso 2012-13. A título informativo, a bolsa media do curso 2011-12 é de 105 euros por mes de estadia.

A Universidade de Vigo consignou 598.500 euros na partida orzamentaria ORI1121DERA492 para financiar as bolsas Erasmus.

3.2.- Outras axudas complementarias

3.2.1.- Cursos Erasmus Intensive Language Courses (Cursos EILC)

O/A estudante seleccionado/a poderá solicitar unha bolsa para asistir a un curso de lingua intensivo antes de iniciar o seu período de estudos no estranxeiro.

A ORI deberá recibir as solicitudes no momento no que Axencia Nacional Erasmus o indique, e desde a ORI serán enviadas ás institucións organizadoras.

O/A estudante non pagará taxas de matrícula no curso e recibirá unha bolsa adicional de entre 150 € e 450 € segundo a duración do curso. Esta contía deberá ser confirmada polo OAPEE.

A Universidade de Vigo consignou 4.050 euros na partida orzamentaria ORI1121DERA492 para financiar estas bolsas Erasmus, contía que poderá ser modificada en función dos cursos realizados e xustificadas perante o OAPEE.

3.3.2.- Axuda complementaria do Ministerio de Educación

O Ministerio de Educación concederalles axudas complementarias aos/ás bolseiros/as Erasmus, unha xeral para todos/as os/as estudantes pola súa condición de bolseiro/a Erasmus e outra destinada a aqueles/as bolseiros/as Erasmus que durante o curso anterior á súa estadia, o curso 2011-12, teñan a condición de bolseiros/as do Ministerio de Educación no marco da convocatoria xeral de bolsas.

3.3.3.- Axuda complementaria da Xunta de Galicia

A Xunta de Galicia concederalles axudas complementarias aos/ás bolseiros/as Erasmus. A ORI informará aos/ás estudantes sobre a convocatoria que se publicará no DOG.

3.3.4.- Axuda complementaria da Deputación de Ourense

Os/As bolseiros/as Erasmus matriculados/as en centros do campus de Ourense poderán recibir unha axuda complementaria da Deputación de Ourense, se se renova o acordo asinado entre a Deputación de Ourense e a Universidade de Vigo. De renovarse o acordo, a contía da bolsa será confirmada aos/ás bolseiros/a pola ORI. A título informativo, no curso 2010-11 a bolsa media foi de 20 euros por mes de estadia.

4- Solicitudes, prazos e lugar de presentación

O formulario de solicitude on-line atoparase na páxina web da ORI:
<http://internacional.uvigo.es>

Non se admitirán as solicitudes que se presenten unicamente en formato electrónico ou só en papel nin as solicitudes presentadas fóra do prazo ou sen asinar.

O prazo de presentación de solicitudes finalizará o **17 de febreiro de 2012**.

Os/as candidatos/as deberán imprimir dúas copias da solicitude e presentalas asinadas xunto coa documentación requirida en calquera dos rexistros da Universidade de Vigo ou por calquera outro medio previsto no artigo 38.4 da Lei 30/92, de 26 de novembro, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

A documentación que acompañará as solicitudes é:

- Dúas fotografías tamaño carné pegadas nos formularios de solicitude, unha en cada exemplar.
- Os/As estudantes de Belas Artes deberán presentar un proxecto artístico.
- Os/As estudantes da E.E. Industrial deberán presentar un escrito do/a(s) titor(e)s do(s) destino(s) que solicitan confirmando a idoneidade do/a candidato/a para o destino elixido. Non é necesario se a praza non ten un titor adxudicado.
- Certificacións de coñecementos de idiomas segundo o punto 5 desta convocatoria.

Recibidas as solicitudes, establécese un prazo de 3 días naturais para emendar erros e achegar documentación a partir da publicación da listaxe provisional de admitidos/as e excluídos/as.

5- Coñecemento de idiomas

O coñecemento do idioma empregado como lingua de ensino na universidade de destino valorarase no proceso de selección dos/as estudantes.

Algunhas universidades de destino valoran entre os seus requisitos de admisión a acreditación de nivel de idioma.

Os coñecementos previos poderán acreditarse mediante a presentación das seguintes certificacións (níveis mínimos):

Inglés, nivel B2:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B2 (nivel avanzado da EOI ou 5º curso do plan vello ou acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo)

Cambridge First Certificate

Trinity: ISE II

TOEFL: 87-109.

IELTS: nivel 5.5-6.5

Bulats: 60-74

Inglés, nivel B1:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B1 (nivel intermedio 2 da EOI ou 3º curso do plan vello ou acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo)

PET Cambridge

Trinity: ISE I

TOEFL: entre 57-86.

IELTS: nivel 4.0-5.0

Bulats: 40-59

Alemán, nivel B1:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B1 (nivel intermedio 2 da EOI ou 3º curso do plan vello ou acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo)
Goethe Institut: Zertifikat Deutsch (ZD)
Testdaf-Niveaustufe 3 (TDN3)
Bulats: 40-59

Francés, nivel B1:

Marco Común Europeo de Referencia: nivel B1 (nivel intermedio 2 da EOI ou 3º curso do plan vello ou acreditación expedida polo Centro de Linguas da Universidade de Vigo)
TCF: nivel 3 (300-399)
DELF B1
Bulats: 40-59

Os/As estudantes que non presenten ningunha destas certificacións deberán realizar as probas de idioma (inglés, alemán e/ou francés) que serán organizadas pola Oficina de Relacións Internacionais en colaboración co Centro de Linguas da Universidade de Vigo.

O prazo para rexistrarse para a realización das probas de acreditación de nivel comezará o 1 de febreiro e finalizará o día 17 de febreiro.

As probas terán lugar os días:

Alemán (B1):

Martes 21 de febreiro ás 9:30 horas (Pontevedra e Vigo).

Venres 24 de febreiro ás 12:00 horas(Ourense)

Francés (B1):

Venres 24 de febreiro ás 9:30 horas (Ourense e Vigo)

Venres 24 de febreiro ás 12:00 horas (Pontevedra)

Inglés (B2):

Mércores 22 de febreiro ás 9:30 horas (Ourense, Pontevedra e Vigo)

Inglés (B1):

Xoves, 23 de febreiro ás 9:30 horas (Ourense, Pontevedra e Vigo)

A información sobre as aulas aparecerá na páxina web do Centro de Linguas

Para poder realizar as probas de acreditación de nivel, os/as interesados/as deberán:

1. Rexistrarse en <https://bubela.uvigo.es>. Se xa están rexistrados/as, só é necesario facer a inscrición online na(s) proba(s).
2. Facer a inscrición online na(s) proba(s), seguindo os pasos que se indican.
3. Pagar os 15 euros por idioma e nivel en concepto de taxas no Banco Santander, indicando o código do exame (967 inglés), (968 francés) e (969 alemán) (Número de conta: **0049 6141 98 2510007984**).
4. Facer chegar ao Centro de Linguas a documentación requirida (véxase máis abaixo):

- escaneada ao correo electrónico centrodelinguas@uvigo.es,
- por fax ao número 986 81 86 49,

- Ou ben en persoa na oficina do Centro de Linguas da Facultade de Filoloxía e Tradución (Pavillón Central).

En ningún caso se entregará a documentación por Rexistro.

5. A matrícula confirmase a través dunha mensaxe de correo electrónico. Se non se recibe antes da finalización do período de matrícula, cómpre poñerse en contacto co Centro de Linguas.

Documentación requirida:

- Impreso de matrícula xerado unha vez feita a inscrición online.
- Fotocopia do DNI.
- Xustificante de ingreso bancario.
- Copia da solicitude de bolsa Erasmus 2012-13.

Están exentos/as de realizar estas probas:

- Os/As estudantes que só soliciten destinos nos que non sexa preciso o coñecemento destas linguas (inglés, francés ou alemán).
- Os/as estudantes das seguintes Escolas ou Facultades:

Ourense:

- Facultade de Ciencias
- Facultade de Historia

Pontevedra:

- E.U. Fisioterapia

Vigo:

- Escola de Enxeñaría Industrial (agás destinos que precisan xustificar coñecementos como aparece na relación de prazas).
- Facultade de Filoloxía e Tradución.

6- Sesións de información

A ORI, en colaboración cos/as responsables de Relacións Internacionais dos centros da Universidade de Vigo, organizará sesións de información sobre a convocatoria que terán lugar os días que se citan, por campus e centros:

- 7 de febreiro de 2012:

Para o estudantado da Facultade de Filoloxía e Tradución, no Campus de Vigo. No Salón de Actos, ás 09:30 horas.

Para o estudantado da E.E. Industrial, E.E. de Telecomunicación e a E.T.S.E. de Minas: No Salón de Actos: E.E. Industrial, ás 12:00 horas.

- 8 de febreiro de 2012:

Para o estudantado do Campus de Pontevedra, na E.E. Forestal, no Salón de Actos, ás 12:30 horas.

- 10 de febreiro de 2012:

Para o estudantado das Facultades de Química, Bioloxía e Ciencias do Mar. No Salón de Actos da Facultade de Ciencias Experimentais, ás 09:30 horas.

Para o estudantado dos centros de Vigo, cidade: o estudantado da Escola Universitaria de Estudos Empresariais, da Escola de Enxeñaría Industrial (sede cidade), da

EU de Enfermería de POVISA, da Escola de Negocios Novacaixagalicia e da EU de Maxisterio "María Sedes Sapientiae" no Salón de Actos da Escola Universitaria de Enxeñería Técnica Industrial, ás 12:30 horas.

- 13 de febreiro de 2012:

Para o estudiantado do Campus de Ourense. Na Aula Magna da Facultade de Ciencias Empresariais e do Turismo, ás 09:30 horas.

Para o estudiantado da Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais e de Ciencias Xurídicas e do Traballo, no Salón de Graos da Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, ás 13:00 horas.

7.-Selección

A ORI enviará aos/ás responsables de relacións internacionais dos centros respectivos as solicitudes presentadas para que en cada centro se efectúe a selección dos/as bolsellos/as segundo os criterios establecidos por cada centro.

A selección dos/as estudantes realizarase nos centros, polas comisións establecidas a este efecto e será notificada á ORI.

8.- Resolución e notificación

En cada centro publicárase unha relación provisional de bolsellos/as seleccionados/as e concederase un período de reclamación de 5 días hábiles.

Os/As responsables de relacións internacionais dos centros remitirán á ORI as listaxes completas dos/as estudantes seleccionados/as (nome e apelidos, DNI, destino adxudicado e duración da estadia).

O Vicerreitor de Relacións Internacionais, á vista da proposta feita pola ORI fará pública unha resolución motivada co nome dos/as seleccionados/as e dos/as suplentes, podendo ser recorrida esta perante o mesmo órgano que dñou a resolución.

9.- Obrigas dos/as seleccionados/as

9.1.Os/as seleccionados/as deberán manifestar a súa aceptación ou renuncia por escrito na ORI no prazo dun mes. Pasado este prazo, se o/a seleccionado/a non presentase nin aceptación nin renuncia, entenderase a renuncia á praza.

Toda renuncia a unha praza xa aceptada con anterioridade, deberá presentarse por escrito xunto coa credencial de bolsello/a e o contrato de subvención orixinais se xa lle foron entregados ao/á bolsello/a. De non existir causa xustificada, o/a estudante non terá dereito á concesión dunha bolsa de mobilidade internacional xestionada pola ORI durante o seguinte curso académico. Enténdese como causas xustificadas:

- Enfermidade ou accidente graves do/a estudante.
- Enfermidade ou falecemento dun familiar ata segundo grao.
- Cumprimento dun deber público.
- Calquera outra causa suficientemente acreditada e xustificada que deberá ser considerada polo persoal da ORI.

Os destinos vacantes seranlles adxudicados directamente aos/ás suplentes sen que se produzan modificacións nas prazas xa asignadas e aceptadas polo/as solicitantes seleccionados/as.

9.2. Os/As bolsellos/as realizarán os trámites de matrícula correspondentes na Universidade de Vigo, estando exentos do pagamento de taxas na universidade de destino.

9.3. Os/As seleccionados/as deberán entregar na ORI a documentación requirida para xustificar a duración da súa estadia:

- Contrato financeiro entre a Universidade de Vigo e o/a bolsello/a

- Ficha de perceptores de pagos da Universidade de Vigo selada pola entidade bancaria.
- Certificado de chegada e de finalización da estadia
- Aviso de recibimento das axudas
- Enquisa de avaliación
- Autorización de uso de datos persoais (voluntario)

A ORI entregará aos/as seleccionados/as o contrato financeiro e o acuse de recibimento das axudas. O resto da documentación atópase na páxina web da Oficina de Relacións Internacionais (<http://internacional.uvigo.es>)

9.4 Os/as beneficiarios/as serán os responsables de lle achegar á Oficina de Relacións Internacionais toda a documentación requirida pola universidade de destino no prazo estipulado por esta.

9.5 Os/as beneficiarios/as acreditarán a estadia efectiva así como a súa duración mediante un certificado de fin de estadia. Para ser válido, este certificado deberá ser asinado polo/a responsable na universidade de acollida e incluír o selo oficial da devandita institución. O/a estudante deberá presentar o documento orixinal, sen alteracións nin riscaduras. As datas de chegada e partida definitivas que aparezan neste certificado serán as que se terán en conta á hora do pagamento das bolsas segundo a estadia real do/a bolseiro/a.

10.- Protección de datos

Segundo a normativa de protección de datos, infórmase a cada candidato/a de que os seus datos formarán parte dun ficheiro do que a Universidade de Vigo é responsable. Os seus datos serán tratados para a finalidade de incorporalos ao proceso de selección desta convocatoria e outras convocatorias con fins semellantes e serán enviados ao OAPEE, Organismo Autónomo de Programas Educativos Europeos. O/a candidato/a poderá exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición dirixindo unha solicitude con copia do seu NIF á Oficina de Relacións Internacionais, Universidade de Vigo. Atendendo ao artigo 14.2 do R.D. 1720/2007, infórmase de que, se no prazo de 30 días o/a candidato/a non manifesta a súa oposición, entenderase que consente que se mantaña o tratamento do seus datos. O/a candidato/a poderá revogar este consentimento en calquera momento.

11.- Revogación

No caso de que non se leve a cabo a estadia ou parte dela, sen causa xustificada, ou non se entregue a documentación solicitada, o/a bolseiro/a deberá devolver a conta íntegra ou parcial da bolsa. A Universidade de Vigo terá dereito a reclamar o importe da axuda, polo incumprimento das bases desta norma.

A concesión da bolsa Erasmus queda pendente da aprobación por parte do OAPEE das prazas de mobilidade de estudantes solicitadas pola Universidade de Vigo para o curso 2012-13 e da aceptación na universidade de destino do/a estudante.


Contra esta Resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso ante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á súa publicación de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, o/a interesado/a poderá optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non caberá a interposición do

recurso contencioso-administrativo antes citado, namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, modificadora da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

O REITOR

Por Delegación (R.R. do 05/09/2011)



DILIXENCIA para facer constar que esta Resolución publícase con esta data no taboleiro desta Universidade.
Vigo, 3 de febreiro de 2012

A secretaria do Vicerreitor de Relacións Internacionais
Henar Quintas Saizide